

D I T A M E

Ditame
4/11

sobre o anteproxecto de
Lei de **modificación**
da Lei 5/1998, do 18 de decembro,
de **cooperativas** de Galicia



APROBADO POLO PLENO O 6 DE XULLO



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

ANTECEDENTES

1.- En data 6 de xuño de 2011, tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o anteproxecto de Lei de modificación da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.

2.- O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 1: *Economía, emprego e sectores produtivos*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

3.- O día 07 de xuño, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº1 para o 15 de xuño de 2011, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 13/11, de data 4 de xuño de 2011, acorda aprobar a proposta de ditame e remítea ao presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 3/11, do 6 de xullo, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de lei de modificación da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.

ESTRUTURA E CONTIDO

Artigo único: Modificación da Lei 5/1998, de 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia.

A Lei 5/1998 de Cooperativas de Galicia queda modificada como segue:

- 1.- O Artigo 2. “Ámbito de aplicación”.
- 2.- O Artigo 7. “Número mínimo de persoas socias”.
- 3.- O Artigo 9. “Seccións”.
- 4.- O Artigo 20. “Baixa da Persoa socia”.
- 5.- O Artigo 21. “Persoas socias de traballo”.
- 6.- O Artigo 23. “Dereito de información”.
- 7.- O Artigo 33. “Convocatoria”
- 8.- O Artigo 35. “Constitución e funcionamento da asemblea”.
- 9.- O Artigo 36. “Dereito de voto”
- 10.- O Artigo 37. “Adopción de acordos”
- 11.- O Artigo 42. “Exercicio da representación”.
- 12.- O Artigo 43. “Composición do consello reitor”.
- 13.- O Artigo 44. “Elección”.
- 14.- O Artigo 48. “Incapacidades e incompatibilidades”.
- 15.- O Artigo 53. “Do órgano de intervención: nomeamento e composición”.
- 16.- O Artigo 54. “Funcións do órgano de intervención”.
- 17.- O Artigo 56. “Do comité de recursos: funcións e composición”.
- 18.- O Artigo 58. “Capital social”.
- 19.- O Artigo 60. “Xuros das achegas obrigatorias”.
- 20.- O Artigo 61. “Achegas voluntarias ao capital social”.
- 21.- O Artigo 64. “Reembolso das achegas”.
- 22.- O Artigo 66. “Determinación do resultado do exercicio”.
- 23.- O Artigo 67. “Distribución dos excedentes. O retorno cooperativo”.
- 24.- O Artigo 68. “Fondos sociais obrigatorios”.
- 25.- O Artigo 69. “Imputación de perdas”.
- 26.- O Artigo 72. “Documentación social”.
- 27.- O Artigo 73. “Contabilidade”.
- 28.- O Artigo 74. “Modificación de estatutos”.
- 29.- O Artigo 84. “Transformación de cooperativas noutras sociedades”.

- 30.- O Artigo 87. “Eficacia das causas de disolución”.
- 31.- O Artigo 89. “Proceso de liquidación”.
- 32.- O Artigo 90. “Transmisión de funcións”.
- 33.- O Artigo 91. “Funcións do órgano de liquidación”.
- 34.- O Artigo 93. “Adxudicación do haber social”.
- 35.- O Artigo 94. “Balance final da liquidación”.
- 36.- O Artigo 96. “Situacións concursais”.
- 37.- O Artigo 104. “Suxeitos obxecto e ámbito”.
- 38.- O Artigo 105. “ Réxime económico”.
- 39.- O Artigo 107. “Réxime de prestación de traballo e sucesión de empresa”.
- 40.- O Artigo 110. “Persoal traballador asalariado”.
- 41.- O Artigo 111. “Suxeitos, obxecto e ámbito”.
- 42.- O Artigo 112. “Suxeitos, obxecto, ámbito e réxime das persoas socias”.
- 43.- O Artigo 114. “Suxeitos e obxecto”.
- 44.- O Artigo 115. “Suxeitos, obxecto e ámbito”.
- 45.- O Artigo 120. “Suxeitos, obxecto e ámbito”.
- 46.- O Artigo 123. “Auditoría externa”.
- 47.- O Artigo 130. “Suxeitos, obxecto e ámbito”.
- 48.- O Artigo 136. “Composición”.
- 49.- O Artigo 139. “Infraccións e sancións”.
- 50.- O Artigo 141. “Descualificación da cooperativa”.

- 51.- Engádese unha nova DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA. “Cooperativas sen ánimo de lucro”.

- 52.- Engádese unha nova DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA. “Cooperativas mixtas de traballo asociado”.

- 53.- Engádese unha nova DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA. “En relación coa DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA da Lei 2/2007 de Traballo en Igualdade”.

- 54.- Engádese unha nova DISPOSICIÓN ADICIONAL SÉTIMA . “Aplicación da Lei”.

- 55.- DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA.

56.- DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA.

57.- TRES DISPOSICIÓN FINAIS.

PRIMEIRA. “Autorización para refundir textos”.

SEGUNDA. “Autorización normativa”.

TERCEIRA. “Entrada en vigor”.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- O CES entende que resulta obrigado reiterar que o prazo requirido no trámite de urxencia para a remisión de ditame implica unha celeridade no estudo deste anteproxecto que pode ir en detrimento da desexada calidade do mesmo, e consecuentemente, do resultado agardable do labor consultivo do Consello.

2.- Dende o CES valoramos a oportunidade e necesidade deste anteproxecto de lei para homoxeneizar a lexislación da nosa comunidade autónoma cos necesarios cambios introducidos co tempo e coa existencia de disfuncionalidades coa normativa estatal.

3.- O CES considera imprescindible que unha vez estea aprobada a lei, se faga coa maior brevidade uso da autorización que se vai incluír nesta para a aprobación dun decreto lexislativo que refunda a Lei 5/1998.

4.- De igual modo, o CES estima necesario sinalar que da lectura íntegra do proxecto normativo pódese apreciar que se modifican nalgúns casos só certos apartados de determinados artigos, a pesar do cal se inclúe no texto a súa totalidade, engadindo mesmo os apartados non modificados, o que debería rectificarse concretándose na nova norma só aqueles apartados que van ser obxecto de modificación, e especificando expresamente a cales deles se refire a norma.

5.- O CES entende que o anteproxecto debería someterse a unha revisión en materia de normativa ortográfica e morfolóxica para a escrita do galego, xa que se observan frecuentes incorreccións e defectos de concordancia.

6.- O CES considera que nas alusións a diversas leis ao longo do anteproxecto, especialmente na exposición de motivos, se indica o respectivo ano, de

xeito incorrecto, cun punto superfluo entre as unidades de millar e as centenas.

7.- En todo o texto utilízanse con profusión as barras, co obxecto de resolver a neutralidade en materia de xénero. O CES entende que esta non é unha opción correcta nun texto legal, polo que se debería recorrer a outras solucións, que sexan ademais acordes coas propias instrucións da administración autonómica nesta materia, que indican que as barras só se deberían usar na confección de formularios.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

1.- Exposición de motivos.

O CES estima que no penúltimo parágrafo da páxina 5, o termo “*devindicarse*” debería substituírse por “*devengarse*”.

2.- Exposición de motivos.

No último parágrafo da páxina 6, alúdese á conciliación da vida familiar e laboral. O CES entende que a alusión debería facer correctamente, en conxunto á conciliación da vida *persoal*, familiar e laboral.

3.- Exposición de motivos.

O CES considera que se debería engadir un parágrafo entre os finais, no que se deixe constancia do sometemento do anteproxecto de lei ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

4.- Artigo único, apartado UN, referido ao artigo 2 da Lei, Ámbito de aplicación.

Nótese que a lei, coa redacción proposta, aplicarase ás cooperativas “*con domicilio social en Galicia que realicen a súa actividade cooperativizada, con carácter principal, dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia*”, engadíndose respecto do texto anterior a expresión “*con carácter principal*”.

Polo tanto, o CES entende que debe ser corrixida a exposición de motivos por canto non especifica axeitadamente esta modificación. Do mesmo xeito, os engadidos que pretenden introducirse ao **artigo 2** e que teñen por finalidade aclarar o concepto de “*desenvolver a actividade con carácter principal en Galicia*” nada aclaran, pois desenvolver maioritariamente tal actividade debería concretarse en termos económicos ou doutra índole (número de tra-

balladores ocupados, volume de negocio, etc), polo que O CES considera que debería especificarse cales han ser as referencias ao respecto.

5.- Artigo único, apartado DOUS, referido ao artigo 7 da Lei, Número mínimo de persoas socias.

O CES entende que a redución do número de socios mínimos para constituír a sociedade cooperativa a tres resulta adecuada, por canto constitúe unha flexibilización dos requisitos para a constitución deste tipo de iniciativas emprendedoras.

6.- Artigo único, apartado CATRO, referido ao artigo 20 da Lei, Baixa da persoa social.

Nas frases iniciais do terceiro parágrafo do apartado 4 deste artigo, o CES considera que se debería substituír “*Nas cooperativas de traballo asociado e para as persoas socias de traballo no suposto de perda definitiva dos requisitos para ser persoa socia na Cooperativa, a baixa operará...*” por “*Nas cooperativas de traballo asociado, e só para as persoas socias de traballo, no suposto de perda definitiva dos requisitos para selo, a baixa operará...*”.

7.- Artigo único, apartado SEIS, referido ao artigo 23 da Lei, Dereito de información.

O parágrafo que pretende incluírse no apartado 3º deste artigo, que limita o dereito de información das persoas socias referido ao exame do libro de rexistro de socios, libro de actas e libro de achegas no domicilio da cooperativa, que conforme a exposición de motivos, ten a súa orixe na lexislación de protección de datos, coa pretendida relación que se contén no anteproxecto e que esixe xustificar as razóns da petición, podería limitar gravemente o dereito de información dos socios, polo que o CES entende que tal necesidade de xustificación debe ser eliminada, mantendo exclusivamente a necesidade de subscribir un compromiso de confidencialidade.

O CES estima que o acceso ao libro de socios, aínda que só sexa para coñecer a súa identificación, debe ser libre para todos eles, sen necesidade ningunha de xustificación.

8.- Artigo único, apartado DOCE, referido ao artigo 43 da Lei, Composición do consello reitor.

O CES considera que o contido do segundo parágrafo do **apartado 4**, que se reproduce no **artigo 56 (DEZASETE)**, debería redactarse de xeito que non poida ser mal interpretado, xa que estes dereitos asisten a todas as persoas socias de traballo ou traballadoras.

9.- Artigo único, apartado DEZASEIS, referido ao artigo 54 da Lei, Funcións do órgano de intervención.

Ao respecto do **apartado 3**, o CES entende que a alusión ao deber de gardar segredo débese referir directamente ás persoas que fan parte do órgano de intervención, e non ao propio órgano en tanto que tal.

10.- Artigo único, apartado DEZANOVE, referido ao artigo 60 da Lei, Intereses das achegas obrigatorias.

O CES estima que pretendéndose a modificación deste artigo, non ten sentido manter o apartado 3º sen contido, polo que debe ser eliminado e pasar o parágrafo 4º a novo parágrafo 3º.

11.- Artigo único, apartado VINTE, referido ao artigo 61 da Lei, Achegas voluntarias ao capital social.

O CES considera que tamén debe eliminarse o **parágrafo 3º** que se sinala, expresamente, sen contido.

12.- Artigo único, apartado VINTE E CATRO, referido ao artigo 68 da Lei, Fondos sociais obrigatorios.

En relación ao artigo 68.2.g, o CES entende que se debería incluír a conciliación da vida laboral coa persoal, considerando a conciliación dende unha perspectiva máis ampla, e non reducindo a esfera privada das persoas exclusivamente á faceta familiar.

13.- Artigo único, apartado VINTE E CINCO, referido ao artigo 69 da Lei, Imputación de perdas.

O CES considera que as subdivisións do **apartado 3** deberíanse identificar coas letras **a)** e **b)**, para facelas acordes co criterio que se usa no apartado 2 deste mesmo artigo.

14.- Artigo único, apartado TRINTA E NOVE, referido ao artigo 107 da Lei, Réxime de prestación de traballo e sucesión de empresa.

O CES suxire que se substitúa a expresión “*de seguridade e hixiene no traballo*”, que figura ao remate do **apartado 5** deste artigo, pola máis actual de “*en materia de seguridade e saúde laboral*”.

15.- Artigo único, apartado CORENTA E CINCO, referido ao artigo 120 da Lei, Cooperativas de vivenda. Suxeitos, obxecto e ámbito.

O **apartado 2, parágrafo 6** deste artigo establece que “*unha vez cubertas as necesidades da cooperativa e adxudicadas as vivendas ás persoas socias, se restase algunha sen adxudicar, poderá selo a terceiras persoas non socias sempre que cumpran as condicións obxectivas para o tipo de promoción de que se trate, e que as vivendas para adxudicar non supoñan máis do 50% do conxunto de vivendas da promoción*”.

A modificación proposta vai máis alá do que recolle a nova Lei de economía social (Lei 5/2011, do 29 de marzo). Esta, na súa disposición transitoria 2ª, permite que as cooperativas de vivendas poderán allear ou arrendar a terceiros non socios as vivendas da súa propiedade **iniciadas con anterioridade á entrada en vigor da presente lei**.

Mentres que na mencionada Lei de economía social se trata de resolver un problema transitorio (de stock de vivenda existente), na redacción proposta da Lei galega de cooperativas, parécese xeneralizar a devandita posibilidade. O CES considera que debería eliminarse este apartado, por canto desvirtuaría a propia natureza das cooperativas de vivendas.

16.- Artigo único, apartado CORENTA E OITO, referido ao artigo 136 da Lei, Composición.

No **apartado 3** deste artigo remítese ao desenvolvemento regulamentario o establecemento da estrutura, composición e funcións dos órganos do Consello Galego de Cooperativas.

O CES considera que, cando menos a nivel básico, estas tres cuestións deberían esbozarse no corpo do anteproxecto.

17.- Artigo único, apartado CORENTA E NOVE, referida ao artigo 139 da Lei, Infraccións e sancións, apartado 2.1.

Na clasificación do **apartado 2.1.** figura erroneamente a **letra j)**, que non fai parte do noso alfabeto, polo que o CES suxire que se substitúa pola seguinte letra que corresponde, o **l)**.

18.- Artigo único, apartado CORENTA E NOVE, referida ao artigo 139 da Lei, Infraccións e sancións, apartado 2.2.

O CES entende que o contido da **letra g)** do **apartado 2.2.** debería trasladar ao **apartado 2.1.** como unha nova letra, e cambiar a súa redacción por *“Transgredir os dereitos do persoal asalariado con respecto ao réxime cooperativo e especialmente incumplir as normas establecidas sobre participación deste persoal no consello reitor ou nos excedentes dispoñibles”*.

19.- Artigo único, apartado CINCUENTA E UN, Disposición adicional cuarta da Lei, Cooperativas sen ánimo de lucro.

O CES considera que se debería suprimir o **apartado 5º** desta disposición adicional xa que segundo a definición da propia lei galega de cooperativas (vid. artigo 1º), *“a cooperativa é unha sociedade de capital variable que, con estrutura e xestión democráticas, en réxime de libre adhesión e baixa voluntaria, desenvolve unha empresa de propiedade conxunta, a través do exercicio de actividades socioeconómicas, para prestar servizos e satisfacer necesidades e aspiracións dos seus socios, e en interese pola comunidade,*

mediante a súa participación activa, distribuindo os resultados en función da actividade cooperativizada”.

O **apartado 5º** choca abertamente coa esencia das sociedades cooperativas, xa que estas deben estar ao mesmo nivel doutras empresas coas mesmas finalidades, polo que o CES considera erróneo equiparalas “*a todos os efectos*” ás outras entidades sen ánimo de lucro, cuxo obxectivo e regulación distan moito das sociedades cooperativas.

20.- Artigo único, apartado CINCUENTA E CATRO, Disposición adicional sétima da Lei, Aplicación da Lei.

O CES propón a inclusión dunha disposición transitoria na que se regule un prazo para que as sociedades cooperativas creadas con anterioridade á entrada en vigor da lei poidan adaptar os seus estatutos naqueles aspectos que, no seu caso, esixan unha adaptación destes, segundo as esixencias da nova lei.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2011

Vª e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Pablo Egerique Martínez

Asdo.: Juan Carlos Veiga Hermida



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

galicia